

GUÍA PARA A EXECUCIÓN DO ACTO SIMBÓLICO

25 de novembro

Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres



DE FRONTE

á violencia de xénero



INDICE

Por que un 25N.....	2
Acto simbólico	2
Pautas de execución	2
Lectura	3
Referencias bibliográficas e webgrafía.....	5

Por que un 25N

O 25 de novembro é o Día internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Esta data fíxose para denunciar a violencia que se exerce sobre as mulleres en todo o mundo e reclamar políticas en todos os países para a súa erradicación. Durante o primeiro Encontro Feminista Latinoamericano e do Caribe de 1981 propúxose recoñecer esta data como o Día contra a Violencia cara as Mulleres. A partir de entón organizáronse mobilizacións en Latinoamérica na data sinalada, que se foron estendendo a outros países do mundo. A elección desta data débese ao brutal asasinato das tres irmás Mirabal na República Dominicana cometido pola policía secreta do ditador Leónidas Trujillo o 25 de novembro de 1960.

No 1999 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas designou o 25 de novembro como o Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres. Desde entón a ata a actualidade, a violencia contra as mulleres e as nenas segue a ser unha das violacións dos dereitos humanos máis estendidas, persistentes e devastadoras do mundo. Acabar con ela require de grandes esforzos por estar profundamente enraizada nas diferentes esferas sociais. O 25N é unha data que quere ser recordatoria de todas as medidas urxentes que deben tomarse durante todo o ano e en todos os recunchos do mundo.

Acto simbólico

A Deputación da Coruña desde a súa Área de Igualdade propón levar a cabo nesta data un acto simbólico, no que participen todas as entidades adheridas á campaña Defronte. Este acto ten por obxectivo conmemorar as vítimas mortais da violencia machista e pretende facer visibles as violencias que permanecen máis ocultas a través do achegamento a testemuños de mulleres que quixeron sacar á luz a súa experiencia. Así, propónse a lectura dun manifesto que avoga pola erradicación das violencias contra as mulleres e recolle extractos destas historias. Pretende ser unha chamada á toda a sociedade, entendendo a violencia como unha problemática social.

Pautas de execución

Para a execución do acto simbólico propónse a lectura dun texto que figura no seguinte apartado. Para elo, recoméndase dividir a mesma entre varias persoas, se ben, cada centro pode organizarse en función dos recursos que teña. A lectura organízase en 3 partes: inicio, testemuños e finalización. Recoméndase:

- Para o inicio e a finalización, que unha muller da entidade queira ocuparse da lectura, xa que forma parte da loita contra a discriminación, mostrar as mulleres cun papel activo, como iniciadoras do cambio social e a loita contras as violencias machistas.
- Que cinco persoas se encarguen da lectura de cada un dos testemuños. Pode considerarse a lectura de cada un deles por parte de calquera persoa da entidade, transmitindo a idea de que as violencias machistas son un problema social e non só algo que ataña ás mulleres.
- Recoméndase facer a lectura de xeito pausado, mais sen romper o ritmo da mesma entre as quendas das diferentes persoas que participan. Por iso, recoméndase antes preparar a lectura de xeito individual e facer un ensaio conxunto. Unha adecuada pronunciación facilitará a transmisión da mensaxe ás persoas que participen do acto.

Lectura

Cada 10 minutos, asasinase no mundo unha muller. Calcúlase que, a nivel global, case una de cada tres mulleres foron vítimas de violencia física ou sexual polo menos unha vez na súa vida. Neste ano, no Estado español, son 41 as vítimas mortais da violencia machista, 27 delas asasinadas pola súa parella.

A cifra de mulleres asasinadas sae á luz en todos os medios, mais hai moitos outros casos nos que non é así. A violencia exerceuse de moitas maneiras e a través de moitos medios: física, psicolóxica, sexual, vicaria, etcétera. Todas elas danse no contexto dunha violencia estrutural, que sitúa ás mulleres nunha posición social de inferioridade. O maltrato ás mulleres, o abuso, a discriminación, a privación, o menosprezo seguen a permanecer moi ocultos. A violencia cara as mulleres segue a ser obxecto de dúbida e a súa normalización fai poñela en dúbida incluso ás propias mulleres cando a sofren. Por iso, neste 25N, queremos facer visibles os testemuños de mulleres que sufriron e sofren as violencias do patriarcado e quixeron facelas públicas. Os mesmos foron recollidos nas obras “Invisibles” de Monste Fajardo, “Ocho señales” de Patricia Calveiro e Noelia Míguez, “Puteros” de Beatriz Ranea e “Mujeres y locura” de Phyllis Chesler.

Anais Nin: A primeira vez que un rapaz me fixo dano foi no colexio. Non recordo o que fixo. Pero chorei. E el riuse de min. Sabes o que fixen? Funme para a casa e puxen o traxe de meu irmán. Intentaba sentirme como se sente un rapaz. De maneira natural, ao poñer o traxe sentín que poñía o disfrace da forza. Pensei que ser un home significaba que un non sufría. Que o sufrimento se debía ao feito de ser unha rapaza.

O patriarcado ensínanos a diferenza de poder en que nos atopamos mulleres e homes dende moi cedo.

Amelia Tiganus: Ter todos os sentidos postos en sobrevivir non deixa marxe para pensar, e cando me recordo a min mesma tendo que tomar decisións, o medo invádeme e parálzame igual que o facía entón. Estreméceme o recordo de vernos en fila, agardando a quenda para cobrar os cartos que nos tocaban despois de doce horas diso que a industria da explotación sexual chama “traballo”. Véxonos en fila agardando o cambio de sabas, en fila dirixíndonos á sala do bar, en fila falando aos puteros, en fila agardando a quenda para comer, en fila facendo cola para entrar no cuarto cun putero.

A prostitución é unhas das formas máis graves en que o patriarcado exerce o poder sobre as mulleres.

Noelia:

- 112 Galicia, en que lle podo axudar?
- Ola, chámome Noelia Míguez Vázquez. O meu mozo acaba de acoitelarme. Estou a morrer, ságrame moito o pescozo...
- Noelia, vexo que estás chamando dende o número catro de Maravexás, na casa de Xesús Varela Gondar. Ti vives no número 8. Foi el quen te agrediu?
- Non, non... O señor Varela estame deixando pedir axuda. El é o meu veciño. A agresión foi na casa número 8 – explico a atropeladamente-. Por favor, vinde rápido! Sango moito polo pescozo e pola gorxa!
- Noelia, a ambulancia está en camiño á casa do señor Varela. Fai unha cousa: enrola unha toalla e pona no pescozo para intentar cortar a hemorraxia. Tes algo cravado?- Indaga a muller desde a central de atención de emerxencias.
- Si. Debo ter algo cravado na cabeza pero non sei o que é- contesta confusa.

- *Tranquila. Non toques nada. Taponas as feridas do pescozo e da gorxa e agarda a que cheguen os compañeiros do 061.*

O patriarcado mata.

Lara: Confesoume que Xan ás veces deixábaa sen motivo aparente, facendo que ela se desesperase. A miña amiga rogáballe perdón, sen saber nin sequera que fixera mal, ata que a el lle apetecía volver. Cando me contaba estes episodios, chocábame moito. Non entendía como podía aturar todo isto, non me cadraba a historia. Agora, véxoo desde fóra e sorpréndeme non terme dado conta de que estaba sendo maltratada. Todos os sinais apuntaban a iso. Porque si, houbo sinais e moitos. Peiteábase e vestía como Xan quería, tiña prohibido falar con certos rapaces, incluso ir a sitios... E preguntádesvos porque non me asaltaron as alarmas ao ver esas actitudes. Non me saltaron porque as tiña totalmente normalizadas por outras relacións que eu tivera, sobre todo de adolescente. Sempre que vexo á xuventude nas charlas sobre violencia de xénero penso en que ogallá nolas tiveran dado a nós por aquel entón.

A normalización da violencia, perpetúa a violencia.

Irene: Mateo creceu e deixei de ser a única vítima do meu home. Converteuno nunha arma que utilizar contra min. Non levantaba un palmo do chan e xa lle estaba prometendo xogos da Gameboy a cambio de dicirle se mamá falaba con este ou aquel señor, e ameazábo con facernos dano, a min ou á miña nai, se contaba algo. Eduardo non soportaba á miña nai mais finxía adoralala, así que cando lle levabamos o neno beliscábo para facelo chorar e que tivésenos que marchar.

As crianzas tamén son vítimas da violencia machista.

Estes testemuños deberon saír antes á luz. Actuemos para que a nosa contorna sexa un lugar seguro para todas as mulleres e nenas, que permita a denuncia destas violencias e se faga xustiza con todos e cada un dos casos que se dean. É responsabilidade da Administración, das entidades públicas e privadas e da cidadanía en xeral, acoller e apoiar a quen as sofre. Tamén o é frear e actuar contra quen as exerce.

O 25N non se trata só de recordar ás vítimas. Non se trata de gardar silencio. Trátase de actuar, rachando cas dinámicas que sosteñen o patriarcado. As mulleres non só non queremos ser vítimas, queremos desenvolvernos no mundo en igualdade de oportunidades. Non miremos para outro lado, porque a violencia de xénero, para erradicala, só hai unha maneira de mirala: de fronte.

Referencias bibliográficas e webgrafía

CALVEIRO, P. E MÍGUEZ, N. (2022) *Ocho señales. Cuestión de vida o muerte*. Editorial Meraki

FAJARDO, M. (2022) *Invisibles, Retratos de maltrato*. Editorial Cumio

PHYLLIS CHESLER (2019) *Mujeres y locura*. Editorial Continta me tienes

RANEA, B. (2023) *Puteros. Hombres, masculinidad y prostitución*. Editorial Catarata

Ministerio de igualdad (2024) *Mujeres víctimas mortales por violencia de género en España a manos de sus parejas o exparejas. Datos provisionales*. Recuperado de:

https://violenciagenero.igualdad.gob.es/wp-content/uploads/VMortales_2024_10_23.pdf

Naciones Unidas (2024) *Día da eliminación da violencia contra as mulleres, 25 de novembro*. Recuperado de:

<https://www.un.org/es/observances/ending-violence-against-women-day>